



ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
XGL/2017/30	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	26 de xuño de 2017
Duración	Desde as 19:08 ata as 19:55 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	BERTA ALONSO SOTO

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	SÍ
53171075C	EVA RODRIGUEZ CALVAR	NON
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	NON
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	SÍ
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	NON
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNXELA VIZOSO MARCOS	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.



A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior realizada o día 12 de xuño de 2017

Expediente 3818/2017. PASAXE PERMANENTE (RÚA DAVID CAL, Nº 23)

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Nº REX. POLICÍA: 824/17

Os axentes da Policía Local de Cangas, con nº de identificación profesional 052024 e 052027, por medio do presente, informan:

Que sendo as 16:30 horas do día 9 de xuño do ano que andamos, os axentes trasládanse á Rúa David Cal, co fin de comprobar a solicitude feita por Xosé Manuel Rodríguez Menguíña con rexistro nº 6549/17, na que solicita un sinal de pasaxe permanente.

Unha vez no lugar compróbase que ten portal de garaxe e accede cun vehículo ao interior da propiedade, polo tanto non existe inconveniente en acceder ao solicitado.

O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de Urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.

Expediente 726/2017. Instalación de mesas e cadeiras na vía pública (Terrazas 2017)

Expediente 767/2017. Comunicación previa apertura actividade Inocua

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 767/2017.- Dase conta á Xunta de Goberno Local da seguinte comunicación previa presentada por L. F. B. para desenvolver a a actividade de carpintería de madeira en nave sita na Rúa Angueiro, s/n, segundo o proxecto técnico do enxeñeiro S. A. P.

A nave conta con licenza de obra provisional autorizada pola Xunta de Goberno Local de data 9 de xullo de 2004 (nº 19.819), obxecto de modificación por acordo do mesmo órgano de data 14.10.2004.

Por acta de comparencia de data 8 de xuño de 2017 o solicitante da actividade renuncia ao incremento do valor expropiatorio que poida supoñer o exercicio da actividade solicitada, ao estar situada nun ámbito pendente do seu desenvolvemento urbanístico.

Expediente 2015/2017. Comunicación previa apertura actividade inocua



Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE Nº 2015/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por E. G. N., para complementar o uso autorizado para pensión con bar-tapería (con licenza de obra nº 23386 e de actividade nº 1619/12 de datas 25 de febreiro de 2013 e 6 de xullo de 2015, respectivamente) no Couñal, Donón-O Hío, nº 58 con bar-tapería, visto o informe do arquitecto municipal de data 1 de xuño de 2017.	

Expediente 1131/2017. Infracción urbanística 30/2016-CARLOS PAZÓ BARREIRO	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<u>Expediente nº:</u> 30/2016-1131/2017 <u>Procedemento:</u> PROPOSTA DE SANCIÓN <u>Documento asinado por:</u> a instrutora	
PROPOSTA DE RESOLUCIÓN	
M. R. G., instrutora designada polo Alcalde do Concello mediante Proposta de Alcaldía de 8 de marzo de 2017, en relación co expediente sancionador que se está tramitando neste Concello nº 30/2016X 1131/2017, emite a seguinte proposta de resolución vistos os seguintes	
ANTECEDENTES	
PRIMEIRO.- Por parte de C. P. B. e segundo consta no expediente anterior de restauración da legalidade urbanística tramitado, efectuáronse no lugar de Ourelo, nº 22-A Madalena-Darbo, obras sen licenza consistentes en realizar un terceiro andar sen recuado do lindeiro, sendo a construción de carácter ilegalizable segundo o informe do arquitecto municipal de data 26 de xullo de 2016.	
SEGUNDO.- Iniciado expediente sancionador por acordo da Xunta de Goberno Local en data 13 de marzo do 2017, dentro do prazo outorgado neste expediente sancionador para formular alegación ou para aportar documentos e informacións, o interesado non presenta escrito de alegacións.	
TERCEIRO.- Visto canto antecede e de conformidade cos artigos 89 e 90 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, emito a seguinte:	
PROPOSTA DE RESOLUCIÓN	
PRIMEIRO.- Declarar probado, sen necesidade de práctica de proba a existencia de obras realizadas sen licenza no lugar de Ourelo, nº 22-A Madalena-Darbo, o que constitúe unha infracción urbanística tipificada no artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de	



Galicia, podendo clasificarse como grave segundo o determina o artigo 158.3.4 da mesma norma citada, visto o informe do arquitecto municipal de data 26 de xullo de 2016.

CUARTO.- Que C. P. B., na súa calidade de promotor é responsable directo da referida infracción.

QUINTO.- Que de acordo co establecido nos artigos 161 da Lei 2/2016, en canto á gravidade da materia se refire, e o suficiente importante para graduar a sanción a impoñer na súa contía seis mil un euros (6001,00 €). Indicar ao interesado que se legaliza as obras realizadas antes da resolución do presente expediente reducirase a contía da sanción nun 90%.

SEXTO.- Notificar a presente proposta de resolución ao interesado, indicándolle a posta de manifesto do expediente practicado. A chegar, coa notificación, unha relación dos documentos obrantes no expediente co fin de que os interesados poidan examinalos e, no seu caso, obter copias dos que estimen convenientes, concedéndolles un prazo de QUINCE DÍAS para formular alegacións e presentar os documentos e informacións que estimen pertinentes perante o instrutor do procedemento e que non puidesen achegarse no trámite anterior.

O órgano instrutor resolverá a finalización do procedemento, con arquivo das actuacións, sen que sexa necesaria a formulación da proposta de resolución, cando na instrución do procedemento se poña de manifesto que concorre algunha das seguintes circunstancias:

- a) A inexistencia dos feitos que puideran constituír infracción.
- b) Cando os feitos non resulten acreditados.
- c) Cando os feitos probados non constitúan, de modo manifesto, infracción administrativa.
- d) Cando non exista ou non poida identificar á persoa/persoas responsables ou ben que aparezan exentos de responsabilidade.
- e) Cando se teña concluído, en calquera momento a prescrición da infracción.

SÉTIMO.- Advertir ao interesado que, en caso de pagar voluntariamente a sanción imposta antes da resolución do presente procedemento sancionador, aplicarase unha redución desta do 50%. Non en tanto, a súa efectividade estará condicionada ao desistimento ou renuncia de calquera acción ou recurso en vía administrativa contra a sanción.

OITAVO.- Elevar, unha vez recibidas as alegacións, documentos e informacións ou transcorrido o prazo de audiencia, todo o expediente ao Alcalde para a súa resolución.

Expediente 1147/2017. Infracción urbanística-16/2016 (MARÍA PILAR SÁNCHEZ IGLESIAS)

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Expediente núm.: 16/2016-1147/2017

Procedemento: PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL



Documento asinado por: o alcalde

Concluído o expediente de protección da legalidade urbanística incoado respecto dos actos de construción que se levaron a cabo sen a preceptiva licenza municipal, no lugar de Menduña-Aldán, consistentes en: realizar a reconstrución e ampliación a menos de 3,00 metros do lindeiro dunha edificación existente.

Sendo a resolución do expediente anteriormente citado recaída con data 17 de agosto do 2016 a de considerar as obras mencionadas como ilegalizables por ser incompatibles coas determinacións urbanísticas establecidas ao respecto nas Normas Subsidiarias de Planeamento de Cangas.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados M. S. I., promotora.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia pode tipificarse en principio como grave segundo sinala o artigo 158.3 da mesma norma.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 6.001 a 60.000 euros, de acordo co establecido no art. 161.1 .b) da referida Lei 2/16, indicándolle ao infractor que as sancións impostas ao abeiro deste lei reduciranse na súa contía nun 50% se son aboadas no prazo de período voluntario e neste mesmo prazo, o infractor amosa por escrito a súa conformidade con estas e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.

Visto o establecido nos artigos 157 ó 164 da Lei 2/16 e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 163.c da citada lei.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, proponho á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Incoar expediente sancionador por infracción urbanística de conformidade coa Lei 2/2016 de 10 de febreiro, do solo de Galicia, polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.

SEGUNDO.- Nomear como órgano instructor do procedemento sancionador a M. R. G., sendo secretaria deste a do concello; así mesmo, estarase ao establecido sobre abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, en virtude do artigo 163.1 c) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia da Lei 7/85 e Decreto de



delegación de data 2 de xullo de 2015.

CUARTO.- Indicar aos interesados o dereito que lles concede o artigo 161.4 da Lei 2/2016 de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que terá dereito a unha redución do 90% da sanción que debe imponerse no caso de que repoña por si mesmo a realidade física alterada antes da resolución do procedemento sancionador.

QUINTO.-. Comunicar ao instructor a iniciación do expediente con traslado de cantas actuacións existan respecto diso e simultaneamente, notificar a presente resolución (de selo caso ao denunciante) aos interesados, indicándolles que disporán dun prazo de QUINCE DÍAS para achegar cantas alegacións, documentos e información estimen convenientes e, no seu caso, propor proba concretando os medios de que pretendan valerse, quedando o expediente a súa disposición na oficina de Urbanismo, advertindo aos interesados de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN.

SEXTO.- Advertir aos interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

SÉTIMO.- Notifíquese o acordo aos interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interponer o que estime mais conveniente.

Expediente 4161/2017. Solicitud reparación de camiño (AA.VV. do Igrexario do Hío “A Fontenova”)

PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE OBRAS E SERVIZOS RELATIVA Á SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE OBRAS EN VÍAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL Á ASOCIACIÓN DE VECIÑOS "A FONTENOVA" DO HÍO

1º.- Vistas as solicitudes de autorizacións para a realización de obras de acondicionamento de camiños de titularidade municipal presentadas pola Asociación de veciños do Igrexario do Hío “A Fontenova” pola concesión dunha subvención que esta asociación solicitou á Xunta de Galicia.

2º.- Vista a documentación presentada a requirimento dos servizos técnicos do Concello de Cangas en relación ao proxecto/memoria de obras que foron presentados perante a Xunta de Galicia.

3º.- Visto é potestade da Xunta de Goberno Local a autorización destas obras de acondicionamento de camiños de titularidade municipal:

* Rúa Madalena-O Hío.

4º.- Visto que trala revisión da documentación pode accederse ao solicitado, elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO:



Concello de Cangas

PRIMEIRO.- Autorizar á realización das obras de acondicionamento por parte dos solicitantes baixo control e supervisión dos técnicos municipais.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos interesados e aos servizos técnicos do Departamento de Urbanismo para que efectúe o seguimento das obras e instando aos solicitantes á reparación de posibles danos que se poidan producir nos servizos públicos de titularidade municipal afectados por estas obras.

Expediente 4162/2017. Solicitud reparación camiños (AA.VV. MALLADOIRO de NERGA-O HÍO)

PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE OBRAS E SERVIZOS RELATIVA Á SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE OBRAS EN VÍAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL Á ASOCIACIÓN DE VECIÑOS "MALLADOIRO" DE NERGA-O HÍO

1º.- Vista a solicitude de autorización para a realización de obras de acondicionamento de camiños de titularidade municipal presentada pola Asociación de veciños "Malladoiro" de Nerga-O Hío, pola concesión dunha subvención que esta asociación solicitou á Xunta de Galicia.

2º.- Vista a documentación presentada a requirimento dos servizos técnicos do Concello de Cangas en relación ao proxecto/memoria de obras que foron presentados perante a Xunta de Galicia.

3º.- Visto que é potestade da Xunta de Goberno Local a autorización destas obras de acondicionamento de camiños de titularidade municipal:

- Camiño do Boi ata A Garita.
- Camiño de Pedra Alta ata A Mexilladoura.
- Camiño desde O Canizo ata A Garita.
- Camiño Lapiña transversal.

4º.- Visto que trala revisión da documentación pode accederse ao solicitado, elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO:

PRIMEIRO.- Autorizar á realización das obras de acondicionamento por parte dos solicitantes baixo control e supervisión dos técnicos municipais.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos interesados e aos servizos técnicos do Departamento de Urbanismo para que efectúe o seguimento das obras e instando aos solicitantes á reparación de posibles danos que se poidan producir nos servizos públicos de titularidade municipal afectados por estas obras.

Expediente 4028/2017. Remanentes Plan Concellos 2016 (viais Darbo, Aldán e Hío)

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Vista a proposta da concelleira de Obras e Servizos relativa á aprobación do proxecto para presentar á Deputación Provincial polas remanentes do Plan de Concellos 2016.

Vista a relación de remanentes polas adxudicacións dos proxectos do plan de concellos 2016 da Deputación Provincial de Pontevedra do Concello de Cangas e que ascenden a un total de 78.349,34 €.

Visto o proxecto elaborado pola arquitecta técnica municipal, Carmen Gómez Cancela, denominado, "Documento técnico nova capa de rodadura en viais Darbo, Aldán e Hío, polo importe total de 78.349,34 €, elevo para a súa aprobación pola xunta de goberno local a seguinte proposta de acordo:

- 1.- Aprobación do proxecto "Documento técnico nova capa de rodadura en viais Darbo, Aldán e Hío", polo importe de 78.349,34 €.
- 2.- Declarar que non se solicitou ningunha outra axuda ou subvención de entidade pública ou privada para este proxecto que se aproba.
- 3.- Trasladar este proxecto á Deputación Provincial de Pontevedra para solicitar a súa aprobación ao abeiro dos remanentes do Plan de Concellos 2016.

Expediente 4072/2017. Prestación do servizo de axuda a domicilio

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a Xefatura de Servizo do Centro Municipal de Benestar Social, propónselle á Xunta de Goberno Local a seguinte resolución:

* Concederlle o Servizo de Axuda a Domicilio a J.C.B.G., con expediente nº 36008/01/000044-4904, pola quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- Atencións de carácter persoal.
- Atencións de carácter psicosocial.
- Atencións de carácter doméstico.

Número de horas mensuais: 70 horas.

Custe total do servizo: oitocentos cincuenta e oito euros con vinte céntimos (858,20 €) (doce euros con vinte e seis céntimos (12,26 €/hora).

O cómputo da capacidade económica mensual, facilitada polo Órgano de Valoración da Xunta é de catrocentos trinta euros con trinta e nove céntimos (430,39 €), cunha achega económica da persoa usuaria sobre o custe do servizo de trinta céntimos (0,30 €/hora).

Achega económica da persoa usuaria: vinte euros con noventa e dous céntimos (20,92 €/mes).

Concello de Cangas



O servizo de SAF ampliouse a partir do 26 de xuño de 2017.

Expediente 4184/2017. 2ª Resolución das Bonificacións do Programa "Enredos de Verán" 2017

2ª PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DAS AXUDAS DO PROGRAMA “ENREDOS DE VERÁN-2017” PARA NENOS/NENAS DO CONCELLO DE CANGAS

Tomás Hermelo Álvarez, concelleiro de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade do Concello de Cangas. PROPÓN:

A Xunta de Goberno Local a aprobación definitiva das becas de asistencia ao programa “Enredos de Verán-2017”, que se realizará do 26 de xuño ao 25 de agosto de 2017, destinadas a favorecer a integración socio laboral das persoas responsables dos menores e potenciar a participación das nenas e dos nenos en actividades de lecer.

Nº REXISTRO	APELIDOS, NOME SOLICITANTE	APELIDO S, NOME MENOR	OPCIÓN DO PROGRAMA	Nº DIAS SOLICITADOS	CUSTO DA ACTIVIDADE	RESOLUCIÓN	BONIFICACIÓN OU MOTIVO DA DENEGACIÓN	A PAGAR
E-RC-7371	A.M.A	A.M.P	ACTIVIDADES + COMEDOR	34 DIAS (DO 26 DE XUÑO AO 24 DE AGOSTO, EXCLUIDOS OS VENRES)	306,00 €	CONCEDIDA	85 % (260,10 €)	45,90 €
		C.M.P			306,00 €		85 % (260,10 €)	45,90 €

Programa “Enredos de Verán” 2017

Nº SOLICITUDES PRESENTADAS: S: 36	Nº MENORES: : 50	Nº SOLICITUDES CONCEDIDAS: 33	NEN@S BENEFICIARI@S DAS BECAS: 47		ORZAMENTO DO PROGRAMA 8.615,20 €
			38 NEN@S 4 NEN@S 3 NEN@S 2 NEN@S	100 % 85 % 60 % 50 %	

Expediente 3998/2017. Prezo público Campamento de Verán

PROPOSTA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Tomás Hermelo Alvarez, concelleiro de Servizos Sociais Igualdade e Sanidade, propón á Xunta de



Concello de Cangas

Goberno Local a aprobación do prezo público correspondente ao campamento de verán externo durante o mes de agosto nunha instalación xuvenil da Xunta de Galicia.

O prezo de cada praza do campamento será de noventa euros (90,00 €).

Expediente 3974/2017. Autorización quioscos (C. MEDIO AMBIENTE)

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

O alcalde-presidente, D. Xosé Manuel Pazos Varela, dá conta á Xunta de Goberno Local das autorizacións concedidas pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para a instalación de quioscos desmontables de tempada, desde o 1 de xuño ata o 30 de setembro de 2017, na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre no termo municipal de Cangas:

Primeiro.- Concesión de licenza de apertura para instalación de quiosco desmontable en terreo privado, en zona de servidumbre, durante a tempada de verán 2017, autorizado administrativamente pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio. Cumprindo coas condicións do anexo.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo aos interesados e aos departamentos de Intervención, Xestión de Ingresos e Estatística.

- 1.- E.M.V, para a instalación dun quiosco de 20,00 m2., no lugar de Praia de Pinténs-O Hío, Cangas.
- 2.- R.P.R, para a instalación dun quiosco de 18,50 m2., no lugar de Praia de Santa Marta-Darbo.
- 3.- T. L. C., para a instalación dun quiosco de 20,00 m2., no lugar de Praia de Area Brava-Pinténs-O Hío.
- 4.- M. M.S. B., para a instalación dun quiosco de 10,00 m2., no lugar de Praia de Rodeira-Cangas.
- 5.- M. C. F., para a instalación dun quiosco de 16,00 m2., no lugar de Praia de Area Brava-O Hío.
- 6.- B. S. C., para a instalación dun quiosco de 20,00 m2., no lugar de Praia de Viñó-Nerga-O Hío.
- 7.- J. O. O., para a instalación dun quiosco de 20,00 m2., no lugar de Praia de Area Brava-O Hío.
- 8.- PUNTA PINELA CB (H. P. M. e R. P. C.), para a instalación dun quiosco de 20,00 m2., no lugar de Praia de San Xian-Pinténs-O Hío.
- 9.- E. F. M. S., para a instalación dun quiosco de 20,00 m2., no lugar de Praia de Viñó-Nerga-O Hío.
- 10.- M. L. JORGE, para a instalación dun quiosco de 18,00 m2., no lugar de Praia de Rodeira-Cangas.
- 11.- G. C. P., para a instalación dun quiosco de 15,00 m2., no lugar de Praia de Francón-Aldán-Cangas.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



ANEXO

As licenzas outorgadas estarán sometidas ás seguintes CONDICIÓNS:

1º.- Previamente á instalación deberase proceder ao pagamento das taxas que por concesión de licenza temporal lle sexan liquidadas pola Intervención Municipal.

2º.- O horario de apertura será de 10:00 horas atás as 22:00 horas.

3º.- Queda prohibida calquera tipo de ambientación musical.

4º.- Deberá depositar o lixo e desperdicios no colector do lixo máis próximo, debendo habilitar, a súa costa, un colector no caso de que os de propiedade municipal resulten insuficientes. O abandono da limpeza ou aspecto degradado na instalación será causa suficiente para a anulación da autorización.

5º.- A autorización municipal é intransferible.

6º.- Queda prohibida a venda ou elaboración de calquera tipo de comidas, podéndose unicamente proceder a venda de bebidas e xeados, non admitíndose tampouco o consumo de comidas aportadas polos usuarios.

7º.- Todas as súas conducións de servizo terán que ser soterradas e o sistema de saneamento garantirá unha eficaz eliminación das augas residuais, así como a ausencia de malos cheiros. Con este obxecto, as instalacións deberán conectarse á rede de saneamento xeral si existe, quedando en todo caso prohibido os sistemas de drenaxe e absorción que poidan afectar á área ou á calidade das augas de baño.

8º.- A instalación será desmontada trascorridos 15 días desde a súa extinción.

9º.- Non se permitirá a execución de obras de fábrica debendo efectuarse a instalación con materiais desmontables de cor branco, madeira ou similares.

10º.- O prazo de vixencia estenderase desde o día 1 xuño ata o 30 de setembro do 2017.

11º.- Disporase do correspondente certificado sanitario e do seguro de accidentes para os/as usuarios.

12º.- O/A titular e o persoal ás súas ordes deberá exhibir, en calquera momento no que así se solicite, por calquera autoridade competente para iso, a correspondente autorización.

13º.- Observarase o previsto no R.D. 2817/83 do 13 de outubro, e na Orde do 31 de marzo de 1976 (BOE do 24 de abril).

14º.- Advírteselle ao interesado que no caso de instalación de terraza sen cumprimentación dos requisitos solicitados, procederase por parte da Policía Local ao levantamento inmediato desta, dando lugar, así mesmo, ás accións legais que o Concello estime oportunas.

Expediente 254/2017. Mercadiño 2017.- Transmisión de autorización do posto de venda ambulante nº 144

Dase conta da proposta da concelleira de desenvolvemento económico e emprego local relativa a transmisión de autorización do posto de venda ambulante nº 144, que literalmente dí:

ANTECEDENTES



Concello de Cangas

Por escrito de data de rexistro de entrada 02.05.2017, M. G. B., con enderezo en Polígono Torneiros, nº 1-3ºC-O Porriño, solicita o cambio de titularidade do posto do que é titular a favor de M. V. D.L H., domiciliado en Polígono Torneiros, nº 1-3ºC-O Porriño, que manifesta a súa intención de adquirir dita autorización.

A solicitude anterior achégase da documentación acreditativa dos requisitos necesarios para que se produza a transmisión.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I.- A Lei 13/2010 de Comercio Interior de Galicia establece no seu artigo 76, que as licenzas serán transferibles a outras persoas físicas ou xurídicas que cumpran os requisitos establecidos no artigo 72.2 da citada norma, previa comunicación á administración competente.

II.- O artigo 16 da vixente Ordenanza municipal reguladora da venda ambulante no termo municipal de Cangas (BOP 25/04/2013) nesa mesma liña prevé a transmisibilidade das autorizacións municipais de venda ambulante cumprindo cos requisitos establecidos no mesmo polo tempo restante da licenza e previa satisfacción da taxa correspondente.

III.- No presente caso, vista a documentación presentada xunto coa solicitude, danse as circunstancias para outorgar a transmisión solicitada a favor do adquirente M. V. D.L H.

IV.- O órgano competente para autorizar a transmisión que se comunica é a Xunta de Goberno Local con base ao disposto no artigo 16.2 da ordenanza municipal.

Dito o que antecede a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO.- Estimar a solicitude de cambio de titularidade da autorización de venda ambulante do posto nº 144 do mercado dos venres do que era titular M. G. B. a favor de M. V. D. H., adoptando as disposicións oportunas para a súa formalización.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos interesados, así como á Concellería de desenvolvemento económico e emprego local, Estatística e Tesourería.

Expediente 4245/2017. Proposta prezos públicos programa deportivo 2017-2018 (Urxencia)

Vista a proposta do concelleiro de Ensino e Deporte, de 23 de xuño de 2017, relativa á organización do "XIV Programa deportivo escolar".

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Malia o advertido no informe de Intervención de 26 de xuño de 2017.

A Xunta de Goberno Local, acorda aprobar a seguinte proposta de prezos públicos:

ESCOLAS DEPORTIVAS E MUNICIPAIS (marcar cunha "x" as opcións a elixir)					
<input type="checkbox"/> ATLETISMO	45 €	<input type="checkbox"/> PSICOMOTRICIDADE	45 €	<input type="checkbox"/> VELA	60 €
<input type="checkbox"/> BALONCESTO	45 €	<input type="checkbox"/> TAEKWONDO	45 €	<input type="checkbox"/> VOLEIBOL	45 €
<input type="checkbox"/> CICLISMO	50 €	<input type="checkbox"/> TAIKIC	45 €	<input type="checkbox"/> WINDSURF	60 €
<input type="checkbox"/> PATINAXE	45 €	<input type="checkbox"/> TENIS	50 €	<input type="checkbox"/> XADREZ	45 €
<input type="checkbox"/> PIRAGÜISMO	60 €	<input type="checkbox"/> TENIS DE MESA	50 €	<input type="checkbox"/> XIMNASIA	45 €
PREZOS CURSO (8 meses)					

Expediente 3432/2017. Solicitud de axuda para equipamentos e mellora instalacions culturais (Urxencia)

Vista a Orde do 5 de maio de 2017 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos de Galicia e ás súas entidades públicas con personalidade xurídica propia e agrupacións de concellos, para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017.

Vistas as necesidades do Auditorio Municipal, cumprindo os requisitos que se establecen na Orde citada, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Solicitar unha axuda de vinte e seis mil novecentos sesenta e oito euros (26.968,00 €) para a ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO ESCÉNICO (SON E ILUMINACIÓN) para o AUDITORIO MUNICIPAL DE CANGAS, cun orzamento total de vinte e nove mil novecentos sesenta e catro euros con corenta e catro céntimos (29.964,44 €), segundo o seguinte financiamento:

ORZAMENTO TOTAL	29.964,44
SOLICITUDE CONSELLERÍA CULTURA (90%)	26.968,00
APORTACIÓN MUNICIPAL (10%)	2.996,44

Segundo.- Adquirir o compromiso por parte do Concello de Cangas de achegar a porcentaxe do orzamento do proxecto que lle corresponda.

Terceiro.- Declarar que para esta adquisición non se solicitou nin lle foi concedida ningunha outra axuda ou subvención de entidade pública ou privada.



Concello de Cangas

Expediente 4295/2017. Solicitude pasaxe permanente en Félix Ozámiz (Urxencia)

Nº REX. POLICÍA: 924/17

Os axentes da Policía Local de Cangas con número de identificación profesional A052015 e 052008, informan que non hai inconveniente en conceder o sinal de pasaxe permanente en Rúa Félix Ozámiz, nº 26-28, solicitada por S. A. G., en calidade de administrador da “Comunidade de Propietarios GALEÓN”, debido a que ten portal de garaxe polo que acceden os/as veciños/veciñas do edificio.

O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de Urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Dación de conta de concesión de subvención da Deputación Provincial de Pontevedra para a obra "Nova capa de rodadura en vieiros municipais" Plan Concellos 2017-liña 1

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes queda informada do escrito remitido pola Deputación Provincial de Pontevedra (R.E. nº 6787 do 13.06.2017), no que se comunica ao Concello de Cangas da concesión de subvención, ao abeiro do Plan Concellos 2017, correspondente á liña 1 "NOVA CAPA DE RODADURA EN VIARIOS MUNICIPAIS", por un importe total de douscentos vinte mil setecentos oitenta e nove euros con trinta e un céntimos (220.789,31 €), con destino ao financiamento do investimento indicado, polo que a Xunta de Goberno Local acepta a concesión da subvención referenciada.

Dación de conta de concesión de subvención da Deputación Provincial de Pontevedra para a obra "Urbanización da rúa Rosalía de Castro" Plan Concellos 2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes queda informada do escrito remitido pola Deputación Provincial de Pontevedra (R.E. nº 6786 do 13.06.2017), no que se comunica ao Concello de Cangas da concesión de subvención, ao abeiro do Plan Concellos 2017, por un importe total de trinta e seis mil novecentos cinco euros con dezasete céntimos (36.905,17 €), con destino ao financiamento do investimento "URBANIZACIÓN RÚA ROSALÍA DE CASTRO", polo que a Xunta de Goberno Local acepta a concesión da subvención referenciada.

Dación de conta de reaxuste de importes das anualidades de distribución de axuda concedida ao Concello de Cangas pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes queda informada do escrito remitido pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo (R.E. nº 6779 do 13.06.2017), que é como segue:

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



"En relación coa axuda concedida a ese concello, ao abeiro da Orde de 28 de decembro de 2007 e, en virtude da Resolución da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo de data 9 de marzo de 2017 e logo de considerado o establecido na disposición adicional 4^a da citada orde, procédese ao reaxuste dos importes das anualidades nas que se ten distribuída a axuda quedando establecida esta no seguinte cronograma de execución:

Fase de execución		Porcentaxe	Importe	Anualidades	
3º Ab	Aprobación Inicial	20%	50.749,38€	2020	50.749,38€
4º Ab	Aprobación Provisional	20%	50.749,38€	2021	101.498,76€
5º Ab	Aprobación Definitiva	20%	50.749,38€		

En aplicación do establecido na Orde do 4 de xaneiro de 2010, pola que se dá publicidade ao acordo do Consello da Xunta de Galicia de 30 de decembro de 2009, polo que, en aplicación do disposto no artigo 97.2º do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, se aproba o réxime de fiscalización limitada previa para determinados expedientes de gasto, ademais do cumprimento dos requisitos establecidos na orde reguladora de concesión de axuda, para facer efectivo o pagamento de cada unha das fases de execución da axuda, deberase de presentar a correspondente declaración doutras axudas."

Dación de conta de sinatura de convenio entre o Concello de Cangas e o IGVS para a adhesión ao convenio de colaboración entre o IGVS e a FEGAMP para o desenvolvemento do programa de vivendas baleiras no ámbito do plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora do acceso á vivenda 2015-2020

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes queda informada da sinatura en data 07.06.2017 do Acordo entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e o Concello de Cangas, para a adhesión ao convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e a Federación Galega de Municipios e Provincias, para o desenvolvemento do Programa de vivendas baleiras no ámbito do Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora do acceso á vivenda 2015-2020.

Dación de conta de sinatura de convenio entre o Concello de Cangas e a Axencia Galega de Emerxencias para a cesión de dereito de uso dos terminais de radiocomunicación para o acceso aos servizos da rede corporativa de comunicacións móbiles dixitais de emerxencia e seguridade de Galicia

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes queda informada da sinatura en data 13.06.2017 do convenio entre o Concello de Cangas e a Axencia Galega de Emerxencias, para a cesión de dereito de uso dos terminais de radiocomunicación para o acceso aos servizos da rede corporativa de comunicacións móbiles dixitais de emerxencia e seguridade de Galicia, que é como segue:



Concello de Cangas

“ACORDO ENTRE A AXENCIA GALEGA DE EMERXENCIAS E O CONCELLO DE CANGAS QUE TEN POR OBXECTO A CESIÓN DE DEREITO DE USO DOS TERMINAIS DE RADIOCOMUNICACION PARA O ACCESO AOS SERVIZOS DA REDE CORPORATIVA DE COMUNICACIÓNS MÓBILES DIXITAIS DE EMERXENCIA E SEGURIDADE DE GALICIA

Dunha parte: Luis Menor Pérez, vicepresidente da Axencia Galega de Emerxencias, en nome e representación desta en virtude da resolución de delegación de sinatura do presidente da Axega de 5 de maio de 2017.

Doutra parte: Xosé Manuel Pazos Varela, na súa condición de alcalde-presidente do Concello de Cangas, CIF P-3600800-A.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que teñen conferidas para acordar en nome das entidades que representan e

EXPOÑEN:

1.- De conformidade co Acordo do Consello da Xunta, do 15 de maio de 2014, polo que se aprobou a posta en marcha e o modo de explotación da Rede dixital de emerxencias e seguridade de Galicia (RESGAL) ‘unha vez creada a Rede dixital de emerxencias e seguridade de Galicia será preciso realizar unha dotación de terminais necesaria para poder realizar as comunicacións sobre esta (...). A adquisición dos terminais realizarase mediante un acordo marco que establecer condicións da subministración que se aplicarán durante o prazo de vixencia do acordo.’”

O acordo marco comprende a determinación das empresas subministradoras, os produtos a subministrar e os prezos unitarios, que terán o carácter de máximos e outras condicións xerais da subministración, así como os termos básicos aos que haberán de axustarse os contratos que se deriven do presente acordo marco.

Os terminais que se licitaron foron os seguintes:

Terminais portátiles gama estándar, terminais portátiles gama alta, terminais portátiles ATEX, terminais móbiles gama estándar, terminais móbiles gama alta e terminais fixos.

2.- A Axencia Galega de Emerxencias asinou un contrato derivado do acordo marco, con data do 23.11.2015, para a adquisición de terminais de radiocomunicación para o acceso aos servizos da Rede Corporativa de Comunicacións Móbiles Dixitais de Emerxencia e Seguridade de Galicia.

3.- Como desenvolvemento do Acordo do Consello da Xunta do 15 de maio de 2014, foi necesario aprobar os modelos de adhesión á RESGAL. Un destes modelos aprobados por Acordo do Consello da Xunta, de 21 de maio de 2015, recolle a adhesión á RESGAL e a encomenda de xestión e mantemento á “Retegal SA”, coa adquisición de terminais pola Xunta de Galicia.

4.- O Concello de Cangas, asinou a adhesión á Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Galicia, con data do 13.01.2016.

Nesta adhesión determínase o equipamento que se prevé adquirir e o uso previsto para a rede.

Polo que as partes acordan a sinatura do presente acordo, consonte coas seguintes

CLÁSULAS:

Primeira - Obxecto do acordo

A Axencia Galega de Emerxencias cede ao Concello de Cangas o dereito de uso dos seguintes terminais:

Entidade Local	Marca	Tipo de Terminal	Nº Serie (TEI)
Concello de Cangas	SEPURA SRG3900	MOBIL GAMA ALTA	000109400709490
Concello de Cangas	SEPURA SRG3900	MOBIL GAMA ALTA	000109400709530
Concello de Cangas	SEPURA SRG3900	MOBIL GAMA ALTA	000109400709570
Concello de Cangas	SEPURA SRG3900	MOBIL GAMA ALTA	000109400709580

Termináis dos aue a Xunta cederá o uso á entidade			
Tipo de terminal*	Nº de termináis	Custe Anual (ive engadido)	Custe Total anual (ive engadido)
Terminal móvil	2	388,14 €	776,28 €
TOTAL			776,28 €

Segunda.-

A cesión deste dereito de uso por parte da Axencia Galega de Emerxencias ao Concello e Cangas é gratuïto.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Terceira.- *Condições de uso*

A entidade cesionarla do uso dos terminais fará un uso dilixente destes, nos termos establecidos no acordo de adhesión asinado con data 13.01.2016.

Cuarta.- *Obrigas adicionais para a cesión de terminais financiados con Fondos FEDER*

De conformidade co disposto no Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, de 11 de xullo de 2006, polo que se establecen dlsposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión, o cesionario como beneficiario dos terminais financiados con FEDER, deberá comunicar á Axencia Galega de Emerxencias que os terminais se atopan en funciónamento incluíndo a localización concreta de dito equipamento.

Así mesmo, o cesionario deberá adoptar as medidas que resulten necesarias para garantir, en todo momento, a trazabilidade dos equipos cedidos, así como as restantes obrigas impostas pola normativa reguladora dos fondos FEDER.

Quinta.- *Rescisión do acordo*

O presente acordo rescindirase polo incumprimento total ou parcial dalgunha das súas cláusulas ou por dedicar os equipos cedidos para fins distintos aos que constitúen o seu obxecto. Así mesmo, a rescisión do acordo de adhesión levará aparellada a rescisión deste acordo.

Unha vez rescindido o acordo, deberá procederse á devolución inmediata dos terminais á Xunta de Galicia.

Sexta.- *Inicio da prestación do servizos*

A data de inicio da prestación do servizo asociado á adhesión do Concello de Cangas á Rede de emerxencias e de seguridade, fíxase no día 13.06.2017, estendéndose por un prazo de 10 anos, segundo os termos do acordo de adhesión.

Sétima.- *Vixencia*

Este acordo entra en vigor o día da súa sinatura e terá a duración ata que se extinga a prestación do servizo.”

Dación de conta de sinatura de convenio entre o Concello de Cangas e ASPAMSIM para o uso do primeiro andar do edificio da antiga cámara agraria

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes queda informada da sinatura en data 09.06.2017 do convenio entre o Concello de Cangas e a Asociación de pais de minusválidos psíquicos do Morrazo (ASPAMSIM), que é como segue:

REUNIDOS

Por unha banda, Xosé Manuel Pazos Varela, con DNI núm. 76328194A, Alcalde- Presidente do Excmo. Concello de Cangas do Morrazo, actuando no seu nome e representación, de conformidade

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



co disposto no artigo 21.1 letra b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Por outra banda, Don Carlos Sotelo Rodal con D.N.I. 76 806 431-R, como Presidente da Asociación de Pais de minusválidos psíquicos do Morrazo (ASPAMSIM), constituída como entidade prestadora de servizos sociais desde o 18 de Xuño de 1988 e inscrita no rexistro de Asociacións do goberno civil de Pontevedra co nº 1755, posuíndo a tarxeta de identificación fiscal G-36100071.

INTERVEÑEN

Ambas partes, no exercizo das competencias que teñen legalmente atribuídas, recoñecéndose recíprocamente, capacidade e obrigándose nos termos deste documento.

ACORDAN

Establecer o presente convenio para regular o uso en precario dun local municipal sito na primeira planta do edificio da antiga Cámara Agraria Local, sito na rúa Cuba núm. 4 do Concello de Cangas, de conformidade coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O Concello de Cangas, autoriza o uso gratuito e en precario por parte da Asociación de Pais de minusválidos psíquicos do Morrazo (ASPAMSIM), da primeira I planta do edificio da antiga Cámara Agraria, para adicalo exclusivamente á realización das actividades propias do seu obxecto social, dende a data de sinatura do presente documento ata o día en que se determine a súa extinción por parte do Concello.

Calquera outra utilización diferente á sinalada, deberá ser autorizada de forma previa e expresa polo Concello de Cangas.

SEGUNDA.- O uso do local por parte de ASPAMSIM rexirase polas cláusulas que se estipulan a continuación e, en todo o non previsto no presente convenio, polo disposto no Regulamento de Bens das Entidades Locais

TERCEIRA.- Por parte de ASPAMSIM realizaranse, ao seu cargo, as actuacións que a continuación se relacionan:

Pintado das paredes de dereita a esquerda da planta primeira Colocación de tarima flotante no chan de toda a planta e dunha estufa de pelles. Adaptación para a eliminación de barreiras dos servizos sanitarios Adaptación do sistema eléctrico para a realización das funcións requiridas polos educadores sociais.

As sinaladas actuacións deberán ser previamente autorizadas polo Concello de Cangas.

CUARTA.- ASPAMSIM queda obrigada á conservación dilixente dos espazos de uso exclusivo e de uso común de todo o inmovible, respondendo dos danos que poidan ocasionar os seus membros e usuarios, ben por acción ou por omisión, efectuando de forma inmediata e ao seu cargo, previa autorización do Concello, as reparacións necesarias.

Este apartado non se aplicará no caso de que as deterioracións sobreveñan ao local polo só efecto do



uso e sen culpa da entidade beneficiaría o polo acaecimento dun caso fortuito.

As reparacións e reposicións destinadas ao mantemento estrutural do local corresponden ao Concello de Cangas, entendéndose por tal o que afecta á estrutura do edificio, as súas fachadas e cuberías e as acometidas exteriores de servizos, sempre que sexan causa do uso normal e ordinario do centro.

Corresponderá ASPAMSIM o mantemento e as reparacións dos bens mobles incluídos cesión e velar pola limpeza e a orde do local, que deberá manterse en perfecto estado conservación e condicións hixiénicas.

QUINTA.- O Concello de Cangas farase cargo do abono dos suministros de electricidade, auga e calefacción correspondentes ao local.

SEXTA.- Autorizado o uso facilitarase aos interesados as chaves correspondentes para a apertura e peche do local, quen serán responsables da súa custodia e adecuado uso. Absterase de realizar reproducións da mesma, salvo que o Sr/Sra. Alcalde/Alcaldesa así o autorice expresamente. En caso de copias todas serán devoltas ao Concello ao termo o período de uso do local.

SÉTIMA.- ASPAMSIM virá obrigada a cesar temporalmente na súa actividade no local cando fose requirida polo Concello de Cangas, naqueles supostos que se considere necesario para a celebración de actos municipais, ou aqueles que lie verían impostos e sexan de inescusable cumprimento. Nese caso, a asociación deberá deixar o local perfectamente ordenado e sen elementos que dificulten a realización da actividade municipal, dentro do prazo que se indique na comunicación que ao efecto se remitirá desde o Concello.

OITAVA.- ASPAMSIM non poderán realizar no espazo cedido para o seu uso exclusivo, nin nos bens mobles nin en xeral en todo o inmovible, ningún tipo de obra ou actuación sen expresa autorización previa do Concello.

As obras ou actuacións quedarán en beneficio do ben inmovible, sen dereito a percibir ningún tipo de indemnización ou compensación económica pola súa realización.

En caso de contravir o disposto no párrafo primeiro desta cláusula, o Concello poderá revogar o acordo de cesión de uso do local á devandita asociación ou tamén poderá ordenar que se restituía o ben ao seu estado orixinal, sen dereito a indemnización ou compensación económica. En caso de non facelo, o Concello poderá executar subsidiariamente as obras de restitución, estando obrigada a entidade a pagar o custo. Si a restitución fose imposible sen o menoscabo do ben, o causante estará obrigado a indemnizar polos prexuízos ocasionados.

NOVENA.- O uso do local obxecto deste convenio autorízase por parte do Concello mediante réxime de cesión en precario. O réxime de cesión extinguirase por decisión motivada da Alcaldía ou Xunta de Goberno Local do Concello, o cal reclamará con quince días de antelación á entidade beneficiaría mediante o correspondente requirimento.

A extinción poderá producirse:

- a) Por mutuo acordo entre as partes.
- b) Por renuncia de ASPAMSIM ou por falta de utilización efectiva dos espazos cedidos.
- d) Pola realización permanente ou exclusiva de actividades, servizos ou outro non contemplados ou que contraveñan o presente convenio, en especial actividades económicas con lucro para



Concello de Cangas

particulares.

e) Por disolución da Asociación.

f) Por necesidade motivada de uso do local para a prestación doutros servizos municipais que o requiran.

A extinción da cesión de uso por calquera das causas citadas non dará dereito á entidade ou asociacións afectadas a ningún tipo de indemnización ou compensación económica.

Unha vez resolto ou extinguido o acordo de cesión de uso, a asociación deberá reintegrar ao Concello de Cangas o uso do espazo e bens cedidos no termo máximo de un mes. En caso contrario será responsable dos danos e prexuízos que poida ocasionar a demora.

DÉCIMA.- O Concello de Cangas poderá exercer en calquera momento a potestade de inspección do local cedido. Si do seu exercicio derivase a comprobación de incumprimentos por parte da asociación beneficiaría das cláusulas deste convenio, poderá esixir o seu cumprimento ou revogar a cesión ou autorización de uso.

En proba de conformidade, firman as partes o presente convenio por duplicado, en Cangas, 9 de xuño de 2017.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850